



Guía Docente				
Datos Identificativos			2020/21	
Asignatura (*)	Historia do Patrimonio Arquitectónico	Código	630567103	
Titulación				
Descriptor				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Mestrado Oficial	1º cuatrimestre	Primeiro	Optativa	3
Idioma	Castelán			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Proxectos Arquitectónicos, Urbanismo e Composición			
Coordinación	Louzao Martinez, Francisco Xabier	Correo electrónico	x.louzao@udc.es	
Profesorado	Louzao Martinez, Francisco Xabier	Correo electrónico	x.louzao@udc.es	
Web				
Descrición xeral	O interese polas construcións herdadas do pasado foi unha constante na historia europea dende a antigüidade ata o mundo contemporáneo. Haberá que esperar ó século XVIII para a formulación do valor documental e histórico da arquitectura e a necesidade da súa conservación e transmisión a futuras xeneracións. Este concepto, amplo e flexible, é un proceso recente e aínda non concluído, con profundas renovacións nos conceptos e metodoloxías aplicados ó tema do Patrimonio Arquitectónico.			



Plan de continxencia	1. Modificacións nos contidos Non se realizarán cambios. En caso de continxencia adoptaránse as medidas necesarias para garantir a calidade da ensinanza e a integridade dos contidos. 2. Metodoloxías *Metodoloxías docentes que se manteñen -Sesión maxistral. -Atención personalizada. Mantense o conxunto de metodoloxías docentes empregadas, pasando o modo docente a desenvolverse de maneira non presencial, total ou parcialmente. *Metodoloxías docentes que se modifican Non está previsto modificar ningunhas. 3. Mecanismos de atención personalizada ao alumnado. Utilizaránse as plataformas de atención personalizada sinaladas con anterioridade postas a disposición pola universidade. -Correo electrónico: Diariamente. Empregarase para facer consultas, solicitar encontros virtuais para reolver dúbidas e facer o seguimento dos traballos. -Moodle: Diariamente. O alumnado dispoñerá de foros da materia nos que poden atopar os power point da asignatura, con texto e imaxes. -Teams: Poderase empregar para o seguimento e apoio na realización dos traballos. A temporalización será a establecida segundo o calendario e horario académico, fixados polo centro ó inicio do curso. 4. Modificacións na avaliación Non se realizarán cambios. Para o alumnado con dificultades xustificadas para realizar as entregas poderánse prever solucións alternativas personalizadas. *Observacións de avaliación: Mantéñense as que figuran na guía docente. 5. Modificacións da bibliografía ou webgrafía
-----------------------------	---

Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título

Resultados da aprendizaxe	
Resultados de aprendizaxe	Competencias / Resultados do título



Establecer unha reflexión fundada no proceso proxectual de intervención no construído, ademais de facilitar a capacidade de análise sobre obras referenciais para fundamentalas nas bases teóricas nas que se apoian.	AP1	BP1	CP1
Que os estudantes saiban aplicar os coñecementos adquiridos e a súa capacidade de resolución de problemas en contornas novas ou pouco coñecidas dentro de contextos máis amplos (ou multidisciplinares) relacionados coa súa área de estudo.	AP2	BP2	CP4
Que os estudantes sexan capaces de integrar coñecementos e enfrontarse á complexidade de formular xuízos a partir de dunha información que, sendo incompleta ou limitada, inclúa reflexións sobre as responsabilidades sociais e éticas vencelladas á aplicación dos seus coñecementos e xuízos.	AP4	BP4	CP5
Que os estudantes posúan as habilidades de aprendizaxe que lles permitan continuar estudando dun xeito que haberá de ser en grande medida autodirixido ou autónomo.	AP8		CP6
Capacidade de organización e planificación.			CP7
Capacidade de xestión de información.			CP15
Cultura histórica.			
Capacidade de análise e de síntese.			
Razoamento crítico.			

Contidos	
Temas	Subtemas
-A Historia da Arquitectura dende a Antigüidade ó Renacemento.	-Grecia e Exipto como residuo arqueolóxico.
-Procesos de reconstrución e transformación materiais.	-Roma campo de excavacións.
-A Historia da Arquitectura Moderna e Contemporánea.	-Renacemento e Barroco-transformacións.
-Avatares da Historia contemporánea. Destrución e reconstrución.	-Destrución do patrimonio moderno e rehabilitación tras as guerras mundiais.
-Panorama da Historia da Arquitectura dende a perspectiva rehabilitadora.	

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Seminario	A1 A2 A4	6	0	6
Traballos tutelados	A1 A2 A4	0	45	45
Sesión maxistral	A1 A2 A4	18	0	18
Discusión dirixida	A8 B1 B2 B4 C1 C4 C5 C6 C7 C15	3	0	3
Atención personalizada		3	0	3

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Seminario	Técnica de traballo en grupo que ten como finalidade o estudo intensivo dun tema. Caracterízase pola discusión, participación, a elaboración de documentos e as conclusións ás que teñen que chegar todos os compoñentes do seminario.
Traballos tutelados	Metodoloxía deseñada para promover a aprendizaxe autónoma dos estudantes, baixo a tutela do profesor e en escenarios variados (académicos e profesionais). Está referida prioritariamente á aprendizaxe do "cómo facer as cousas". Constitúe unha opción baseada na asunción polos estudantes da responsabilidade pola súa propia aprendizaxe. Este sistema de ensino baséase en dous elementos básicos: a aprendizaxe independente dos estudantes e o seguimento desa aprendizaxe polo profesor-tutor.



Sesión maxistral	Exposición oral complementada co uso de medios audiovisuais e a introducción dalgunhas preguntas dirixidas ós estudantes, coa finalidade de transmitir coñecementos e facilitar a aprendizaxe. A clase maxistral é tamén coñecida como "conferencia", "método expositivo" ou "lección maxistral". Esta última modalidade resérvase normalmente a un tipo especial de lección impartida por un profesor en ocasións especiais, cun contido que supón unha elaboración orixinal e baseada no uso case exclusivo da palabra como vía de transmisión da información á audiencia.
Discusión dirixida	Técnica de dinámica de grupos na que os membros dun deles discuten de forma libre, informal e espontánea sobre un tema, aínda que poden estar coordinados por un moderador.

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición
Sesión maxistral Seminario Traballos tutelados Discusión dirixida	Seguimento dos traballos tutelados dos alumnos.

Avaliación			
Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Traballos tutelados	A1 A2 A4	Adecuado desenvolvemento dun traballo persoal.	100

Observacións avaliación
Será efectuada a avaliación a través da valoración do traballo.
Será necesaria a asistencia a un mínimo de 17 horas presenciais.

Fontes de información	
Bibliografía básica	A bibliografía básica será facilitada ó inicio do curso.A bibliografía complementaria será presentada ó comenzo da cada un dos temas obxecto de estudo.
Bibliografía complementaria	

Recomendacións
Materias que se recomenda ter cursado previamente
Materias que se recomenda cursar simultaneamente
Materias que continúan o temario
Observacións

(*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías
